



Memoria do VI Trofeo Internacional Cruceiro de Covelo

Concello de Covelo

5,6 e 7 de xullo de 2019



ÍNDICE

1. Introducción, xustificación e marco de referencia2

*Introdución*2

*Xustificación*3

*Marco de referencia*4

2. Destinatarios5

3. Ubicación e zona de influenza6

*Ubicación*6

*Cómo chegar a Covelo*7

4. Obxetivos8

5. Actividades e calendario.....11

6.- Organización e funcionamento14

7.- Comunicación e promoción15

8.- Seguridade e prevención de riscos17

9.-Orzamento.....21

1. Introducción, xustificación e marco de referencia

Introdución

Para iniciar esta memoria presentaranse algunhas das razóns que motivan e fan posible a celebración de este trofeo nesta localidade:

- Concello vencellado á práctica deportiva.
- Persoal cualificado para: planificar, organizar, xestionar, dirixir, coordinar, controlar e avaliar as diferentes fases dun evento de ámbito internacional de tan elevado nivel, garantindo su correcto desenrolo.
- Ampla experiencia organizativa e confianza plena de institucións debido á fantástica planificación e execución doutros eventos anteriores de ámbito nacional e internacional de carácter oficial.
- Óptimos e múltiples recursos e instalacións en bo estado equipadas co material necesario que avalan a súa realización.
- Club con notable representación deportiva en campionatos deste nivel e con gran palmarés, acadando grandes éxitos e sobresaíntes resultados tanto individuais como grupais.
- Variedade na rede hotelera, de casas rurais e de centros de hostalería así como lugares de ocio, cun radio de acción de tempo próximo ós 15 minutos debido á rede de estradas e comunicación cos medios de transporte.
- Entorno natural privilexiado o que garante unha boa afluencia de público debido ó turismo.

En segundo lugar, é necesario destacar que a actividade principal que realizarán os deportistas será a de deslizarse sobre os patíns da forma máis plástica posible, baixo a supervisión dos xuíces expertos, que cualificarán as actuacións segundo o regulamento propio deste deporte morfo-cinético.

O formato do trofeo encádrase na primeira semana de xullo e é o seguinte:

- Venres 5 xullo: Chegada dos participantes e adestramentos libres
- Sábado 6 xullo: Adestramentos e competición de niveis, 1ª categoría e Rexional.
- Domingo 7 xullo: Adestramentos e competición de niveis

Por último, esta actividade vai dirixida a nenos e nenas de diferentes categorías (dende benxamín ata senior) co obxectivo de introducilos progresivamente no ámbito competitivo e fomentando condutas que reflectan os valores do deporte como: o desenvolvemento físico-psíquico e social, o espírito de superación, a mellora

cuantitativa e cualitativa das técnicas a mediante o adestramento, a disciplina ou o respecto polos rivais e las normas, así como a deportividade e o xogo limpo.

Xustificación

Para á xustificación sobre a celebración deste trofeo, farase unha análise das causas que posibilitan a realización do mesmo, aportando datos cuantitativos e cualitativos sobre os seguintes aspectos:

1) Ampla experiencia organizativa:

PLANIFICACIÓN, ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E DIRECCIÓN DOS SEGUINTE EVENTOS	
Ano	Campionato
2005	Campionato Nacional de Categoría Infantil
2006	Campionato Galego (categorías Alevín, Infantil e Xuvenil)
2008	Campionato Nacional de categoría Cadete
2009	I Trofeo Internacional "Cruceiro de Covelo"
2010	Campionato Nacional de categoría Alevín
2011	II Trofeo Internacional "Cruceiro de Covelo"
2012	III Trofeo Internacional "Cruceiro de Covelo"
2013	Fase Provincial Copa Federación IV Trofeo Internacional "Cruceiro de Covelo"
2014	Campionato Nacional de categoría Xuvenil
2015	Trofeo Deputación
2016	Campionato de Primeira Fase Categoría Rexional
2017	Trofeo Deputación
2018	V Trofeo Internacional "Cruceiro de Covelo"
<i>Cada ano</i>	Festivais de menor rango en Nadal, entroido e fin de curso

2) Persoal cualificado: Posedores da titulación e competencias necesarias para a planificación dun campionato destas características, xestionando de forma eficiente os seus recursos e aproveitando as súas gañas e capacidade de sacrificio para participar e colaborar en proxectos perseguindo un obxectivo común: "Referenciar o patinaxe artístico como principal modalidade deportiva da localidade".

O resultado de combinar esforzo e compromiso do Clube a través da realización de campionatos anteriores co bo facer dos seus técnicos e deportistas mediante seus múltiples éxitos é obter a plena confianza de Deputacións e Federacións para volver a outorgar o privilexio de organizar un novo trofeo de valor para la localidade como para o clube deportivo.

3) Concello vencellado á practica deportiva: O Clube conta coa inestimable colaboración do Concello de Covelo, verdadeiramente implicado con este tipo de modalidade deportiva acercando axudas, ofrecéndolle recursos e cedéndolle a infraestrutura, os materiais e os servizos necesarios para que posúa as máximas garantías de éxito e que lle permitan ós promotores ter avais de que o campionato se

vai a disputar baixo a normativa vixente de seguridade en instalacións deportivas e nas condicións adecuadas para os deportistas, previndo e evitando os posibles riscos que podan afectar a un evento de estas características.

4) Entorno privilexiado: Esta localidade posee múltiples restaurantes excelentes no que a hostalería se refire, nos que poderán degustar a famosísima e variada gastronomía galega a un bo prezo á vez que gozan da gran riqueza paisaxística e cultural que esta localidade alberga.

Marco de referencia

A celebración deste Trofeo forma parte dun evento fóra do período competitivo regular, dentro da modalidade deportiva da patinaxe artística, que á súa vez tamén está proxectado dentro do plan estratéxico que o servizo de deportes do Concello de Covelo elaborou no seu momento co fin de fomentar e promocionar o deporte e de realizar eventos nesta localidade á vez que axuda ós clubs do territorio municipal.

Previamente á realización do campionato, no momento da súa planificación e co fin de saber se se pode contar co apoio económico da Deputación de Pontevedra para o desenvolvemento de dito evento, realizouse esta memoria co obxectivo principal de crear un documento xustificativo que posibilite a aportación de recursos para que este evento goce dun plan de viabilidade e se poda realizar coas máximas garantías posibles por parte do clube organizador, neste caso o Club Covelo Patinaxe Artística.

Debido a estes motivos, por unha parte o Concello de Covelo e por outra, o Club Covelo de Patinaxe Artística unen as súas forzas para solicitar que a Deputación de Pontevedra lle conceda a axuda económica necesaria e desta forma poidan ter a honra e o privilexio de volver a planificar, organizar, xestionar e dirixir un evento deportivo internacional .

Como dita competición xa estaría fóra do calendario oficial de competicións anuais propostas pola propia Federación Galega de Patinaxe, se se conseguise obter o seu respaldo económico, sería a Deputación de Pontevedra unha das principais institucións que a promoven, subvencionan e axudan para que a realización do Trofeo volva a ter presenza no calendario.

Ademáis, intentaríase dar a maior difusión posible de cara ós interesados, invitando e convocando a medios de comunicación, prensa e internet para que describan o seu desenvolvemento e desta forma o Trofeo Cruceiro de Covelo poida ter a máxima

repercusión e impacto na sociedade, destacando a aquelas organizacións que o fixeron posible.

Por último, no correspondente ós obxetivos que se queren acadar, compre destacar que o obxectivo xeral da celebración do Trofeo é: *"Desenvolver a patinaxe artística como modalidade deportiva da propia patinaxe"*, sen embargo, tamén existen outros que afectan de forma transversal nos ámbitos deportivo, económico, institucional e social como:

- *"Introducir ós nenos e nenas no ámbito da competición"*.
- *"Dotar de prestixio organizativo ó clube e á localidade"*.
- *"Fomentar a patinaxe artística como deporte socializador"*.

2. Destinatarios

Neste apartado aparecerán resumidas aquelas persoas que, estando vencelladas ou non á entidade organizadora, posibilitarán o desenvolvemento do campionato e ás cales vai dirixido o mesmo. Ditos destinatarios pódense distinguir na seguinte táboa:

<i>DESTINATARIOS</i>				
<i>Tipo</i>	<i>Clase</i>	<i>Número</i>	<i>Perfil</i>	<i>Procedencia</i>
<i>Internos</i>	<i>C. Executivo</i>	5	Expertos organizadores	Entidade organizativa
	<i>C. de Honra</i>	8	Representantes	Múltiples institucións
	<i>Xuices</i>	5	Expertos evaluadores	Fed. Española Patinaje
	<i>Voluntarios</i>	20	Pais de deportistas locais	Entidade organizativa
<i>Externos</i>	<i>Acc. Directa</i>	60	Patinadores (categorías)	España e Portugal
	<i>Influencia</i>	10	Medios de comunicación	Provinciais/Comarcais
	<i>Aportacións</i>	40	Empresas/Patrocínios	Localidades próximas
	<i>Proximidade</i>	600	Veciños/Familiares/Club	Localidades próximas
<i>Total Destinatarios</i>		<i>748</i>	<i>Persoas (aprox.) asistirán á celebración do Trofeo</i>	

É importante facer un resumo de tódolos destinatarios porque isto facilitará información na fase de avaliación do evento, establecendo indicadores que axuden a extraer conclusións e que, a súa vez, permitan:

- Analizar a cobertura e impacto do Trofeo
- Cuantificar por clase, o número aproximado de destinatarios
- Establecer porcentaxes de asistencia
- Comparar resultados estimados (fase de planificación) cos reais (fase de avaliación)
- Aportar información estadística relevante para campionatos posteriores

3. Ubicación e zona de influencia

Ubicación

O lugar onde se celebrará o Trofeo Cruceiro de Covelo atópase dentro da comunidade autónoma de Galicia, no Concello pontevedrés de Covelo, diferenciado polos seus paisaxes extraordinarios, a súa cultura e gastronomía características.

A ubicación concreta será no Pavillón Municipal de Covelo, no cal xa se celebraron campionatos de España en anteriores edicións.



As características do pavillón son as seguintes:

- Pista de 45x25 metros equipada cas liñas necesarias para a práctica da patinaxe.
- Grada lateral que pode albergar un aforo máximo de 750 persoas.
- Catro vestiarios amplos con espazo suficiente para albergar a 16 persoas en cada un, o que suma un total de 64 prazas para deportistas.
- Oito duchas en cada vestiario, o que suman un total de 32 duchas en total.
- Iluminación garantida por 30 focos colocados no teito.
- Equipación acústica excelente, con catro altavoces colocados nos laterais e dotado de equipo musical e micrófono necesarios para a exhibición de cada patinador.
- Equipación de reserva por si algún destes aparatos eléctricos falla ou non funciona correctamente.
- Amplo espazo de estacionamento público moi próximo ó pavillón con capacidade para 100 vehículos.
- Portalón elevable que garante unha rápida saída ó exterior onde estará situado un posto de Protección Civil nun suposto plan de evacuación por posible traslado ó centro médico máis próximo debido a algún problema que poidan sufrir os deportistas durante o transcurso do campionato.
- Proximidade cos hoteis, casas rurais e restaurantes recomendados pola organización, cun radio de acción de aproximadamente 15 minutos máximo.

Cómo chegar a Covelo

- **Dende A Coruña (174 km) e Santiago (102 km):**

Tómase a N-550 ou a A-9 unha vez pasada Pontevedra e chegando a Vigo tómase a saída dirección a Ourense pola A-52, Saída 282 dirección Covelo durante 8 km. e tomar a Nacional 120 á esquerda segundo se indica e inmediatamente (50 m.) á dereita dirección Covelo 4 Km.


- **Dende Vigo (48 km):**

A-52 dirección Ourense durante 35 km. ata a saída 282 dirección Covelo durante 8 km. e tomar a Nacional 120 á esquerda segundo se indica e inmediatamente (50 m.) á dereita dirección Covelo 4 Km.

- **Dende Ourense (62 km):**

Autovía A-52 dirección Vigo ata a saída 269 de A Cañiza. Continúase por la N-120 durante 17 km. ata Paraños, tómase o desvío á dereita alí indicado e 4 kilómetros despois chégase ó núcleo de Covelo.

Outras variante pode ser a A-52 dirección Vigo ata a saída 269 de A Cañiza. Continúase pola N-120 durante 17 km. ata Paraños, tómase o desvío á dereita alí indicado e 4 kilómetros despois chégase ó núcleo de Covelo.



Para máis información, poden visitar a páxina web do Concello de Covelo (www.concellodecovelo.es) e ver a localización exacta do pavillón no apartado de "Pueblo – Localización".

4. Obxetivos

Dentro do Torneo, vanse marcar unha serie de obxetivos para que desta forma se podan avaliar ó final tanto a eficacia do campionato como a fase de planificación e desta forma establecer cualitativa e cuantitativamente os aspectos nos que se cumpriron os obxetivos e os ámbitos nos que non se cumpriron. Para iso se irán formulando os obxetivos por niveles de concreción: Obxetivos Xerais, Obxetivos Específicos e Obxetivos Operativos.

OBXETIVO 1		
<u>Xeral</u>	<u>Específicos</u>	<u>Operativos</u>
<i>“Potenciar o bo nivel organizativo da competición”</i>	<i>Organizar a competición con garantías de éxito a través das competencias e coñecementos necesarios</i>	Construír un comité executivo composto por cinco responsables de diferentes áreas cas competencias necesarias en cada unha delas.
		Conseguir a eficiente coordinación deses responsables antes, durante e despois da competición
		Deseñar un plan estratéxico de acción previamente
	<i>Dotar de prestixio organizativo ó clube responsable de la planificación, control e avaliación do Torneo</i>	Realizar unha planificación do Torneo incluíndo todas as fases e pasos da competición
		Reunir ós responsables de área cada 15 días durante o período de planificación para unha análise da situación
		Esixir compromiso, esforzo e profesionalidade nos comportamentos daquelas persoas responsables da planificación e desenvolvemento do campionato
		Conseguir 20 voluntarios encargados de áreas e funcións específicas a realizar durante e despois do Torneo

OBXETIVO 2		
<u>Xeral</u>	<u>Específicos</u>	<u>Operativos</u>
<i>“Asegurar un bo funcionamento e mantemento durante a competición”</i>	<i>Controlar o aforo nas instalacións</i>	Contabilizar o número de persoas asistentes no Torneo durante a totalidade do seu desenvolvemento
		Restrinxir o acceso sempre que se alcance o número de 748 persoas dentro do pavillón
		Restrinxir o acceso ás instalacións inferiores do pavillón a ningún membro sen acreditación
	<i>Garantir o correcto</i>	Realizar tres probas de sonido os tres días anteriores á

	<i>funcionamento dos aparellos eléctricos</i>	competición
		Comprobar o illante e a correcta posición e recorrido dos cables eléctricos
	<i>Elaborar un plan de evacuación de emerxencia</i>	Manter algúns aparatos eléctricos de reserva nos almacéns do pavillón previndo calquera erro
		Deseñar un protocolo de actuación para a evacuación rápida dun deportista en caso de accidente
	<i>Establecer un alto grado de limpeza durante todo o campionato</i>	Facer un simulacro de incendio no pavillón antes da competición cos alumnos do colexio nun suposto adestramento
		Disminuír a suciedade presente nos vestiarios
		Disminuír ó mínimo o número de envoltorios ou papeis tirados no chan das gradas

OBXETIVO 3		
<u>Xeral</u>	<u>Específicos</u>	<u>Operativos</u>
<i>“Educar e premiar ós participantes mediante recompensas e aprendizaxes deportivos”</i>	<i>Premiar as mellores actuacións de los deportistas</i>	Outorgar un trofeo e unha medalla a aqueles deportistas con mellor resultado nas clasificacións
	<i>Introducir ós nenos e nenas no ámbito da competición sana.</i>	Conseguir comportamentos respetuosos por parte de todos os deportistas hacia o deporte, os rivais e as normas
		Organizar dous festivais ó longo do ano nos que se traballe a colaboración e relación entre competidores

OBXETIVO 4		
<u>Xeral</u>	<u>Específicos</u>	<u>Operativos</u>
<i>“Favorecer a difusión da patinaxe artística”</i>	<i>Propor estratexias xerais de difusión e consolidación da patinaxe artística coma actividade turístico-recreativa da localidade de Covelo</i>	Comprobar as infraestruturas e o equipamento necesario para posicionar á patinaxe artística coma actividade turístico-recreativa da localidade.
		Aumentar o número de practicantes con respecto ó ano anterior
		Organizar eventos deportivos relacionados coa patinaxe artística durante o ano

5. Actividades e calendario


<i>ESTRUCTURA E DESGLOSE DO TRABALLO (EDT)</i>					<i>MESES (DENDE XANEIRO A AGOSTO)</i>							
<i>Cód</i>	<i>Actividade</i>	<i>F. inicio</i>	<i>F. final</i>	<i>Responsable</i>	<i>X</i>	<i>F</i>	<i>M</i>	<i>A</i>	<i>M</i>	<i>X</i>	<i>X</i>	<i>A</i>
1	Deseño da planificación para o Trofeo	01/01/2019	15/01/2019	Xunta Directiva	■							
2	Solicitud de permiso ó Concello de Covelo	15/01/2019	20/01/2019	Xunta Directiva	■							
3	Solicitud de subvención (Deputación)	01/01/2019	18/01/2019	Xunta Directiva	■							
4	Aprobación e composición de comités	06/02/2019	12/02/2019	Xunta Directiva		■						
5	Reparto de tarefas e responsabilidades	13/02/2019	28/02/2019	Xunta Directiva		■						
6	Elaboración do plan de Comunicación	13/02/2019	28/02/2019	R. Comunicación		■						
7	Captación de recursos	04/03/2019	31/03/2019	R. Recursos			■					
8	Negociación coa rede hotelera e de hospedaxe	04/04/2019	30/04/2019	R. Recursos			■	■				
9	Certificación do orzamento real	15/04/2019	30/04/2019	Secretaria				■				
10	Elaboración do guión da actividade	15/05/2019	30/05/2019	Adestradora				■	■			
11	Convocatoria do Trofeo Cruceiro de Covelo	16/05/2019	30/05/2019	Adestradora					■			
12	Adquisición de produtos propios	05/06/2019	11/06/2019	R. Recursos					■	■		
13	Contratación de seguros para o evento	12/06/2019	25/06/2019	R. Recursos						■	■	
14	Promoción do Trofeo Cruceiro de Covelo	01/06/2019	08/07/2019	R. Comunicación					■	■	■	
15	Reunións con responsables (cada semana)	01/06/2019	30/06/2019	Xunta Directiva						■	■	
16	Probas (sonido, electricidade, simulacro)	01/06/2019	30/06/2019	R. Funcionamento						■	■	
17	Celebración do Trofeo Cruceiro de Covelo	05/07/2019	07/07/2019	Todos os grupos							■	■
18	Limpeza e acondicionamento do pavillón	03/07/2019	07/07/2019	R. Funcionamento							■	■
19	Avaliación do Trofeo Cruceiro de Covelo	08/07/2019	12/07/2019	Xunta Directiva							■	■
20	Elaboración de memoria	01/08/2019	31/08/2019	Xunta Directiva								■

Cabe destacar que esta estrutura e desglose do traballo é a base para outras actividades (de rango menor) que se terán que realizar dentro de cada apartado sinalado para que o funcionamento do Trofeo sexa óptimo, é dicir, isto só é unha guía para que cada responsable de área sepa cales son as súas funcións e o tempo que ten para cumprir cada apartado, co fin de que cada actividade se cumpra nos prazos previstos.

6.- Organización e funcionamento

Relacións internas

Organigrama funcional



Este será o organigrama do comité executivo organizador, que mostra a canle de comunicación xerárquica e o procedemento ó executar as accións entre o persoal.

<u>DESCRIPCIÓN DE RESPONSABILIDADES</u>	
<u>Persoal e cargo</u>	<u>Funcións e responsabilidades</u>
Xunta directiva	Coordinador de actividades de persoal e avaliador
Presidenta	Responsable do plan de comunicación
Secretaria	Responsable da captación dos recursos
Tesorera	Responsable económico e do orzamento
Vogais	Responsables da preparación e guión da actividade
Voluntarios	Membros dos grupos de traballo durante a actividade

Como norma, cada responsable de área ocuparse soamente do seu campo determinado, mentres que a xunta directiva será a encargada de coordinar todas esas áreas para integralas no proxecto.

Reunións

Para a perfecta coordinación do persoal, tanto a Xunta directiva coma os responsables de cada área se reunirán mensualmente dende o inicio da planificación do campionato ata a fase na que se comeza a promocionar como método de seguimento para mostrar o traballo individual realizado. Sen embargo, a partires da promoción do Trofeo as reunións pasarán a ser semanais (venres) para controlar posibles modificacións que podan xurdir.

Metodoloxía

Dentro do Clube traballarase seguindo unhas determinadas normas e procedementos, polo tanto, é necesario que exista unha metodoloxía de traballo ben definida e que facilite as accións coordinativas ó comité organizador.

Dita metodoloxía defínese nun traballo individual, baseado na aceptación de responsabilidades, a delegación de funcións específicas, a autonomía de traballo e a auto organización daquelas persoas nomeadas como responsables de cada área.

Por outra parte, a metodoloxía tamén terá trazos de traballo en grupo, xa que nas reunións periódicas obrigatorias e convocadas pola entidade organizativa, cada responsable exporá o seu traballo en común para que o director se encargue de cohesionalo na planificación e de coordinalo co resto de actividades.

A participación será activa, para que cada responsable sexa consciente de que o seu traballo é vital para o desenvolvemento do campionato.

Para garantir o éxito desta metodoloxía se elaborará previamente un manual de procedementos, no que aparezan concretados os obxetivos a acadar, a organización a desenvolver e as características a avaliar, para que de esta forma, todos os responsables teñan presentes os logros a acadar.

7.- Comunicación e promoción

O que se pretende co plan de comunicación é informar a todos aqueles destinatarios potenciais da celebración do Trofeo, para que se identifiquen con el e participen, co obxectivo de promover e difundir as actividades que nel se realizan.

- **1.-¿A QUEN SE LLE QUERE COMUNICAR?**
 - Aportación de recursos: Grupo ós cales vai dirixido o plan de comunicación para que identifiquen e apoiem o proxecto, xa sexa subvencionándoo ou cedéndolle recursos.
 - Influencia e divulgación: Grupo de publicidade necesaria para a promoción e difusión
 - Proximidade: Público das actividades que se realizan na localidade, ofrecéndolles espectáculo e bos resultados deportivos e organizativos.
 - Acción directa: Participantes do trofeo nos que se intentará xerar un bo recordo da competición, creando sentimento de parte dun grupo deportivo de características e obxetivos comúns.

- **2.- ¿QUÉ SE QUERE COMUNICAR?**

A celebración dun Trofeo, co nivel e prestixio que ten para a localidade e para o clube organizador, polo tanto débese escoller un cartel deseñado exclusivamente para el campionato que: chame a atención, desperte o interese e cree desexo de participar.

- **3.- ¿CÓMO SE QUERE COMUNICAR?**

A través de publicidade na radio local e periódicos de ámbito autonómico, provincial e comarcal, reunindo ós medios de comunicación para promocionalo, así como en anuncios por internet, ademáis de carteis situados na zona de influencia para destacar a celebración.

- **4.- ¿CON QUÉ SE QUERE COMUNICAR?**

Darase a coñecer mediante carteis, cartas e correos electrónicos personalizados a todas aquelas entidades e institucións relacionadas con esta modalidade de práctica deportiva, así como utilizando as redes sociais ademáis de revistas e trípticos que completen a información e doten dunha imaxe ó proxecto.

- **5.- ¿CÁNDO SE QUERE COMUNICAR?**

O plan de comunicación deberá estar preparado 8 meses antes da celebración do Trofeo para informar previamente ás institucións, para que 3 meses antes da celebración do evento, xa se comece a traballar introducindo anuncios nos medios de comunicación.

8.- Seguridade e prevención de riscos

O obxectivo da xestión de riscos é crear o entorno máis seguro posible para os deportistas e demais persoas dentro do campionato, garantindo a súa seguridade. Para xestionalo correctamente, o responsable de esta área terá en conta a seguinte matriz para clasificar a cada risco co fin de evitalo e previlo.

		FRECUENCIA COA QUE SE PRODUCE		
		<u>Frecuente</u>	<u>Infrecuente</u>	<u>Rara Vez</u>
<u>GRAVIDADE DA LESIÓN</u>	<u>Grande</u>	Evitar	Transferir	Transferir
	<u>Mediana</u>	Transferir	Transferir	Transferir
	<u>Pequena</u>	Aceptar	Aceptar	Aceptar

Por outro lado, o organizador respectará sempre os deberes legais da actividade deportiva para evitar calquera tipo de problema ou malentendido:

- 1. Proporcionar instrución adecuada:** Durante a competición, todas as tarefas a realizar estarán supervisadas e planificadas previamente (no guión) para que exista o menor número de riscos ós que se someten os deportistas.
- 2. Proporcionar un entorno físico seguro:** Tanto a pista como o pavillón se inspeccionarán previamente á competición por un responsable para certificar se que reúnen as características necesarias para a práctica do patinaxe. Estes serán os aspectos a ter en conta:
 - a. Chan/superficie:** Condensación, humidade, irregularidades, filtracións
 - b. Paredes:** Seguridade dos pilares que sustentan a estrutura
 - c. Ventás:** Seguras e que ofrezan a luminosidade e ventilación adecuada
 - d. Teito:** Condensación e efectos do clima
 - e. Escaleiras:** Iluminación, sinalización e adherencia correcta
 - f. Gradas:** Estrutura de soporte garantida
 - g. Saídas:** Amplas e que garantan unha rápida evacuación
 - h. Enchufes das paredes:** Ben cubertos e que funcionen
 - i. Conduitos, radiadores e tubos:** Garantir o correcto illamento
 - j. Termostatos e duchas:** Garantir o correcto funcionamento
 - k. Alarmas contraincendios:** Comprobar regularmente
 - l. Indicacións:** Adecuadas no caso de unha evacuación de emerxencia
 - m. Extintores e surtidores de auga:** Comprobados regularmente
 - n. Vestiarios:** Garantir a limpeza e hixiene
 - o. Botiquín de primeiros auxilios:** Equipados completamente

3. **Proporcionar equipamento adecuado:** Comprobar o estado de calquera material que se vaia a utilizar para que reúna todas as condicións necesarias para o seu uso e garanta a seguridade dos participantes do Trofeo.
4. **Equiparar ós deportistas:** Segundo o regulamento do Trofeo, os patinadores terán un orden de saída determinado en función dos adestramentos oficiais e os resultados obtidos noutras probas co obxectivo de tratar a todos os deportistas por igual, respectando os seus logros. Dito orden de saída será establecido pola organización.
5. **Supervisar a actividade de preto:** Durante o Trofeo, a entidade organizadora velará por manter a seguridade dos destinatarios, polo tanto, ante calquera modificación que imposibilite a práctica do patinaxe, a actividade quedará suspendida por motivos de seguridade.
6. **Proporcionar auxilios de emerxencia adecuados:** Durante o trofeo, unha unidade de Protección Civil estará dispoñible para que en caso de accidente, o deportista sexa trasladado ó centro hospitalario máis próximo para que supervisen e avalíen o alcance da lesión.

Este enfoque da xestión de riscos servirá para que a organización cumpra coa súa responsabilidade legal e non poda ser acusada por negligencia mostrando sempre probas escritas nas que se demostre que a entidade organizativa xestionou de forma correcta os riscos da actividade.

9.- ORZAMENTO

A cantidade total a solicitar sería de aproximadamente 4.600 € para sufragar os gastos (tendo a referencia doutros anos), na seguinte táboa:

ORZAMENTO PARA A CELEBRACIÓN DO TROFEO CRUCEIRO DE COVELO				
<u>Concepto / Artigo</u>	<u>CUSTE</u>	<u>% IVE</u>	<u>IVE</u>	<u>TOTAL</u>
Honorarios Xuices	900,00 €	Exento	Exento	900 €
Trofeos e Medallas	661,00 €	21%	139,00 €	800 €
Publicidade	744,00 €	21%	156,00 €	900 €
Recepción, aloxamento e manutención	1.653,00 €	21%	347,00 €	2000 €
TOTAL				4.600 €

Neste Trofeo non haberá ingresos xa que a participación dos patinadores e patinadoras será gratuíta, así como as entradas para o público.

E que para así conste, asina o documento o Alcalde -Presidente do Concello de Covelo.

Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo